



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Análise exploratoria de datos e análise inferencial	Código	620517008	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Iglesias Soler, Eliseo	Correo electrónico	eliseo.iglesias.soler@udc.es	
Profesorado	Iglesias Soler, Eliseo Saavedra Garcia, Miguel angel Sanchez Molina, Jose Andres	Correo electrónico	eliseo.iglesias.soler@udc.es miguel.saavedra@udc.es jose.andres.sanchez.molina@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia "Análise exploratoria de datos e análises inferencial" é unha aproximación á análise estatística univariante. Abórdanse desde os procesos descritivos máis básicos ata os principios da estatística inferencial. Ao longo da materia o alumno coñecerá os fundamentos teóricos destes procedementos así como a súa aplicación práctica mediante diferentes programas informáticos como SPSS e R.			
Plan de continxencia	<p>Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, as Universidades de Vigo e A Coruña establecen unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e as propia institucións determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.</p> <p>=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===</p> <p>No caso de que se produza confinamento.</p> <p>* Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas as metodoloxías pero executadas dun xeito virtual síncrono ou asíncrono a través de Teams</p> <p>* Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Ningunha</p> <p>* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)</p> <p>Realizaranse a través de correo electrónico e por medio de videoconferencia mediante Teams y/o el uso de las plataformas Moodle y Faitic</p> <p>* Modificacións (se proceden) dos contidos a impartir</p> <p>Non hay modificacións</p> <p>* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe</p> <p>* Outras modificacións</p> <p>=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===</p> <p>A avaliación se realizará dun xeito virtual segundo a ponderación que figura na guía. En concreto a proba mixta se levará a través de cuestionario habilitado en Moodle na UDC ou ben en Faitic para os alumnos da Universidade de Vigo</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer e saber utilizar as técnicas de análises exploratorio dunha base de datos	AI10 AI11 AI12 AI13	BI1 BI2 BI3 BI5 BI6 BI7 BI9	CI1 CI2 CI3 CI4
Coñecer e saber realizar un contraste de hipótese.	AI10 AI11 AI12 AI13	BI1 BI2 BI3 BI5 BI6 BI7 BI9	CI1 CI2 CI3 CI4
Saber analizar os resultados e interpretalos.	AI10 AI11 AI12 AI13	BI1 BI2 BI3 BI5 BI6 BI7 BI9	CI1 CI2 CI3 CI4

Contidos	
Temas	Subtemas
Análise exploratorio de datos nas ciencias da actividade física e o deporte	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Depuración e análise de datos.</li> <li>- Tratamento de valores perdidos.</li> <li>- Estatística descritiva: unidades de posición, de tendencia central, de dispersión e de forma.</li> <li>- Representacións gráficas.</li> </ul>
Análise de datos inferencial nas ciencias da actividade física e o deporte	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contraste de hipótese.</li> <li>- Relación entre variables: correlación e regresión.</li> <li>- Técnicas paramétricas e non paramétricas</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Solución de problemas	A10 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9 C1 C2 C3 C4	5	70	75
Proba de resposta múltiple	A10 A11 A12 A13 B2 B6 B7	0	8	8
Sesión maxistral	A10 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9 C1 C2 C3 C4	15	2	17
Atención personalizada		0		0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Actividades nas que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver de forma autónoma a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios.
Proba de resposta múltiple	Exame tipo test con resposta múltiple. Realizarase mediante cuestionario on- line na data oficial de avaliación recollida nos horarios do máster
Sesión maxistral	Exposición dos principais contidos teóricos da materia con axuda de medios audiovisuais

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A10 A11 A12 A13 B2 B6 B7	Exámen tipo test que consiste en expor unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só una delas é válida. O exame presentarse ao alumno redactado no idioma de impartición da materia (isto é castelán). Se algún alumno desexa unha copia do mesmo no outro idioma oficial da UDC, deberá solicitalo ao profesor coordinador unha semana antes da data de realización	20
Solución de problemas	A10 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9 C1 C2 C3 C4	Elaboración e desenvolvemento de forma autónoma dun suposto práctico.	80

## Observacións avaliación

A avaliación do apartado de solución de problemas consistirá na elaboración e desenvolvemento dun suposto práctico no que o alumno deberá de ser capaz de realizar unha análise descritiva de datos, en función da natureza e escala dos mesmos, así como unha análise inferencial.

A proba de resposta múltiple consistirá nun cuestionario tipo test, con 5 posibles alternativas das cales unha sóa será correcta. Restarase unha resposta correcta por cada 4 incorrectas

É necesario obter o apto (polo menos o 50% da máxima nota posible) en cada un dos apartados.

Os diferentes apartados superados serán conservados en oportunidades sucesivas.

Todo o anteriormente exposto é de aplicación tanto para alumnos con matrícula a tempo completo como a tempo parcial

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Andy Field (2009). Discovering Statistics Using SPSS (Introducing Statistical Methods Series). Londres: SAGE</li><li>- Martínez-González, M.A.; Sánchez Villegas, A.; Faulín Fajardo, J. (2006). Bioestadística amigable. Díaz de Santos</li><li>- Ferrán Aranaz, M. (2001). SPSS para Windows. Análisis estadístico. McGraw-Hill</li><li>- García-Pérez, A. (2011). Estadística Básica con R. UNED</li><li>- García-Pérez, A. (2008). Estadística aplicada: conceptos básicos. UNED</li><li>- Glantz, S.A.; Slinker, B.K (1990). Primer of Applied Regression &amp; Analysis of Variance. McGraw-Hill</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías